

*Relatos da paisaxe*



*De camiño...*

**Clodio González Pérez**

[www.galeguizargalicia.com](http://www.galeguizargalicia.com)



## CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

(Cenlle - Ourense).

Vivió en Pontearreas, Vigo e agora en Santiago de Compostela. Profesor, historiador e etnógrafo. Membro do padroado do Museo do Pobo Galego, da sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, da Asociación "Álvaro das Casas", etc. Premio nacional de xornalismo "Artes y Tradiciones Populares" do Ministerio de Cultura en 1983, 1984, 1985 e 1986; premio de investigación da Deputación de Pontevedra, 1987 e 1992; "Curuxa de honra" do Museo do Humor de Fene, 1999. Autor de varios libros e colaborador en revistas especializadas e xornais.

Subvenciona:



Publica:



Coa colaboración:



© do texto: Clodio González Pérez

© da edición: AFNLG

Coordinación: Carne Vaquero  
Xosé González

Fotografía e deseño: Pío García

Edita:



Imprime: Artes Gráficas Litonor

Deposito legal: C4084-2009

**galeguizar galicia**

Ocorre as máis das veces que os viaxeiros van ollando a paisaxe, pero sen descifraren as causas, historia e circunstancias que a definen. Adóitase dicir —non é máis ca unha frase feita— que o viaxar arrequece a cultura. Iso depende. Se nos fiamos dalgunhas enquisas feitas sobre o coñecemento que os galegos temos do noso medio, a conclusión é ben distinta: vivimos nun País que non valoramos dabondo, porque o descoñecemos.

Otero Pedrayo, que tivo que viaxar moito nos coches de liña, tiña por costume ilustrar o seu acompañante de todo o que os seus ollos albiscaban, de preto e de lonxe. Din os que gozaron da súa compañía naquelas demoradas viaxes polas estradas galegas que era unha regalía poder coñecer “sobre a marcha” todo o que quedaba fóra da xanela do autobús.

*Relatos da Paisaxe* pretende poñer ao alcance dos viaxeiros das empresas asociadas en Trabivus Noroeste unha primeira entrega de relatos literarios e á vez descritivos, que contribúan a coñecer máis os accidentes xeográficos, monumentos, tradicións, etc., que salfiren a nosa contorna. A suma de todos eles fan parte da nosa cultura, relatada en lingua galega, que resoou, resoa e resoará nos escenarios que se van sucedendo nas viaxes que se fan percorrendo as estradas.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e mais a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia poñen nas súas mans unha pequena colección de relatos escritos para esta acción por diversos autores, coa finalidade de divulgar e fomentar o uso da lingua galega.

Xoaquín Monteagudo Romero  
*Presidente da AFNLG*



Clodio González Pérez

*De camino...*



I

Heitor colle a mochila, bótaa ao lombo e con paso lixeiro encamiñase cara á estación de autobuses. Eran as dez menos cinco minutos e o tempo cumpríalle, pois o coche tiña a saída ás dez e adoitaba ser puntual; aínda non chegara de Vigo, pero ao facelo non se detería máis que o tempo preciso para que baixasen e subisen os pasaxeiros.

Ao pouco entra na estación e para. O condutor abre as portas, apéase e dá unha volta arredor, comproba o aire das rodas, se hai algún dano na chapa e tira ao chan unhas bolbo-retas que morreran apegadas contra o parabrisas. Era a inspección cotiá de costume; logo sobe, séntase e debruza os brazos sobre o volante.

Abondaron uns toques de bucina para volveren de novo aos seus asentos os que facían a ruta, e para que se ordenasen en ringleira os que agardaban á porta.

—Xa poden subir! —di en voz alta para que oian os de fóra.

—A Tui.

Ao tempo deixa caer varios euros e uns céntimos na bandexa. A señora debía facer con frecuencia o traxecto, sabía o que custaba. O condutor tira do billete e entrégallo. Soben máis viaxeiros, homes e mulleres, case todos maiores, uns da contorna que van arranxar asuntos coa administración, ao médico ou a mercar a algunha área comercial, e outros turistas que percorren as Rías Baixas e as terras do Baixo Miño.

—A Goián.

—A Tui... Perdoa, pero hoxe non teño menos dun billete de 50 €!

—Polo de agora hai miúdo... O malo é se veñen moitos dos grandes!

— Á tardiña hai algún autobús a Vigo?

— Si: un ás seis, outro ás oito e o último ás dez.

Heitor tira do lombo a mochila e déixaa no maleteiro. Sobe, mete a man no peto do pantalón vaqueiro e bota na bandexa un billete de 20 €.

— A Tui.

O condutor entrégalle xunto o billete e a volta do diñeiro.

— Grazas.

Fita o autobús ata atrás, procurando un sitio libre a carón dunha fiestra, e o máis preto queda na sexta ringleira, na banda da dereita.

Acomódase. O primeiro que lle chama a atención é o audioguía do respaldo do asento de diante, onde os coches vellos levan o cinceiro. O aparello está protexido por unha tapa de plástico transparente, e á dereita ten un pequeno altofalante, de xeito que a persoa escoite a voz, pero non estorbe aos de-



mais pasaxeiros. Nun cartel infórmase como funciona e que o único que hai que facer é premer nos botóns seleccionados:

#### IDIOMA

*galego castelán portugués inglés francés alemán*

#### RUTA

*1 2 3 4 5 6 7 8 9 10*

Abre a tapa e carga en *galego* e *ruta 4*, a que corresponde ao traxecto A Guarda-Vigo por Tui.

#### POBOACIÓN

*A Guarda O Rosal Tomiño Tui O Porriño Vigo*

#### FUNCIONAMENTO

*empezar deter seguir parar*

E deseguida preme en *A Guarda* e *empezar*: soan unhas notas musicais e comeza a falar unha voz feminina, clara e cadenciosa: “A Guarda é a vila máis meridional da nosa cos-







»Festas: a do Sacramento en xullo; a do Monte e a de San Roque en agosto, e a romaxe de Santa Tegra en setembro.»

A señora repara de esguello en como Heitor fai fotografías a unha igrexa; percíbese na súa expresión que tenta establecer conversa con el e que este pode ser o momento axeitado:

—Vostede non é de aquí?

—Non, pero son galego...

—Pois mire, esta non é unha igrexa, aínda que ten a torre tan grande; é a capela de San Roque de Salcidos. E todos aqueles montes e casas que hai ao lonxe, son de Portugal.

Heitor non responde; unicamente asente coa cabeza.

## II

A estrada segue o curso do Miño, pero só de cando en vez se divisa a auga e algunha illa cuberta de vexetación. Moitas

ta, separada de Portugal polo río Miño e o monte de Santa Tegra...”

—Está libre?

—Si, si, pódese sentar!

A señora —duns sesenta anos— acomódase, pon o bolso sobre as pernas e cruza as mans sobre el; mentres a voz do audioguía non se detén: “...a citania descubriuse a finais do século XIX e nela hai un museo dende 1914. Tamén se reconstruíu unha das casas do poboado, para que as persoas que a visitan se fagan unha idea de como eran as vivendas dos devanceiros.

»Monumentos: a citania de Santa Tegra, a igrexa parroquial e a do mosteiro de monxas bieitas.

»Gastronomía: peixes e mariscos. En xuño celébrase a Festa do Roscón de Xema, e en xullo a da exaltación da lagosta e a do peixe espada.



casas, arrodeadas de viñas e veigas de millo, algunhas sen traballar pero outras ben coidadas e con abondoso froito.

A señora olla con disimulo o mozo, como se fixa na paisaxe, fai fotografías e deixa ir a mirada cara a atrás para ler os indicadores e os carteis que informan do lugar e dos desvíos para vilas e aldeas da contorna.

—Estamos chegando ao Rosal, de aquí era unha das miñas avoas. Nunca estivo?

—Non. Agora non teño tempo, pero outra vez que veña farei por ir.

—Xa verá como lle ha de gustar! É de moi lonxe de aquí..., non será de Santiago?

—Non; son de Ribadeo e veño percorrendo toda a costa. Dende Baiona tróuxome un matrimonio de Zamora que veranea en Oia; e teño pensado botar o día en Tui e ir durmir a Vigo.

—Canto andou! A min tamén me gustaría, pero agora... O outro día fun co fillo e coa nora a Ourense, nunca alá estivera.

A señora cala e mira para diante. Heitor toca co índice da man dereita o botón correspondente do audioguía; soan unhas notas de alborada e logo a harmoniosa voz feminina xa coñecida:

“O concello do Rosal participa da costa atlántica e das vizosas terras do Miño. A capital, con título de vila dende 1879, atópase no val do mesmo nome, entre extensas plantacións de viñedos.

»Gastronomía: en xullo a Feira do Viño do Rosal e en agosto a Festa da Solla do Miño.

»Festas: en febreiro San Brais e a Virxe da Saúde en Tabagón, fan un impresionante arco floral por debaixo do que pasa a procesión; e en outubro a Festa dos Cabaqueiros no Rosal, en lembranza dos antigos telleiros.”

“Que magníficos viñedos!”, pensa Heitor para si.







### III

O ómnibus fai as paradas de sempre: apéanse mulleres e homes que veñen da Guarda e soben outros para Tui, O Porriño e Vigo. Saúdos e bicos e, ao baixaren, a recomendación de que lle dea unha aperta a tal parente ou veciño. É un día máis, un xoves calquera do mes de xullo.

Un home sobe e saúda a outro, e este cédelle o seu asento corréndose contra o da fiestra:

—Xamaraina, xidos mancóns. E a calloa de toi cómodo pariña?

—No sucá e agoremes para xida...

A señora decátase de que o mozo pon cara de non comprender o que din os de diante:

—Son dous cabaqueiros ou telleiros. As mulleres tampouco entendemos ben esta fala, porque era dos homes, de cando andaban a traballar fóra. Deulle os bos días, tratouno de amigo e preguntoulle pola muller, e el respondeulle que está ben...

Os dous vellos telleiros, que percorreran xuntos de mozos media península facendo tellas e ladrillos, falan da familia e das súas cousas nunha estraña mestura de galego e da xerga gremial, agora case desaparecida.

Heitor desenvolve un chicle e méteo na boca.

—Quere un...? —dille á señora.



—Non, graciñas, non. Abanéame unha moa e non podo mastigar moito con ela.

Segue observando a paisaxe dende Tabagón ata que fita un indicador que avisa que o coche entra no concello de Tomiño; preme no botón do audioguía:

“Antes de chegar á vila de Tomiño, á dereita, está o edificio escolar “La Aurora del Porvenir”, construído polos emigrantes, e á esquerda sobresaie unha impresionante vista panorámica de viñedos que, segundo a estación do ano, adquiren tonalidades cromáticas diferentes...”

—Mire... —di a señora sinalando coa man cara ao río—, esa é Vilanova de Cerveira.

Heitor non deixa de facer fotografías nin de escoitar a información do aparello:

“...nas dúas orelas do río Miño hai restos de fortalezas, que en tempos pasados vixiaban a fronteira. Unha das máis importantes era a de Goián, destruída polos portugueses, pero en 1673 construíuse o novo forte de San Lourenzo, do que quedan as murallas.

»Monumentos: as igrexas de Barrantes e Tomiño, a torre de Tebra e o forte de Goián.

»Gastronomía: pesca fluvial (lamprea, salmón, solla, meixón...).

»Festas: en xullo San Campio de Figueiró, e en setembro a Virxe do Alivio en Tomiño.”

Non ben remataran estas verbas cando o autobús entra nunha rotonda na que se sinala Portugal á dereita. De seguir só hai que cruzar o Miño para chegar a Vilanova de Cerveira.

—Mire... —rompe a falar unha vez máis a señora—, esta ponte é moderna, antes había que pasar en barca. Agora non hai fronteira nin alfándegas; vaise a Vilanova coma se fose a Tui ou ao Rosal... Dá gusto!

—E veñen por aquí moitos portugueses?

—Moitos... Pero tamén imos nós alá. Sempre hai cousas máis baratas e como agora pagamos en euros. Vilanova ten un castelo como todas estas vilas do Miño: Caminha, Valença, Monção..., e na nosa banda: A Guarda, Goián, Salvaterra... Coñezo moi ben todo isto; axudeille moito a miña nai a pasar café..., non oíu falar do café Sical? Vostede é moi novo para



saber do contrabando! Sempre de noite, fuxindo da garda civil. Que tempos aqueles!

O autobús frea amodiño e detense.

—Forcadela. Hai alguén para baixar! —di en alto o condutor.

A señora que vai sentada a carón de Heitor érguese de súpeto:

—Eu, eu...! Perdoe, non ía atenta, perdoe —e, dirixíndose ao mozo—, boa viaxe!

#### IV

Ao lonxe empézanse a albiscar as siluetas, primeiro case esvaecidas, das dúas cidades enfrontadas polas armas e sempre irmandadas polas augas do Miño: Valença e Tui. A pri-

meira defendida por murallas e a segunda dominada pola fortaleza da catedral.

Heitor aproveita unha parada para fotografar o río, Valença e a ponte internacional. O Miño, a piques de mesturar as súas augas doces coas salgadas do Atlántico, é ancho, maxestoso e sosegado. Á dereita, a alfándega e a ponte internacional; á esquerda, o monumento ao peregrino, lembrando que Tui é unha das principais paradas do camiño xacobeo portugués; e á fronte, o casarío coroado polas ameadas torres catedralicias.

Apéase na estación e coa mochila ás costas bótase a camiñar cara á parte antiga.

—Vou ben á catedral?

—Si. Siga pola esquerda e xa dá á entrada principal.

Pasa de par dun lenzo da muralla e sobe por unha rúa onde estaba unha das portas da cidade. Case de súpeto, aparécelle







diante a fachada da catedral, con torres de castelo en lugar de campanarios, e entra baixo a vixiante mirada de santos e reis de pedra que favoreceron a poboación.

Acaba de chegar un grupo de turistas con guía e aproveita para deixarse pasar por un deles e escoitar o que conta da cidade:

—Tui conserva un interesante conxunto urbano con evocadores currunchos de sabor medieval, co-roado pola catedral, construída no século XII, pero con engadidos posteriores, como a portada oxival e o claustro. A súa estratéxica situación converteuna nun enclave importante dende a antigüidade: poboado castrexo, cidade romana, bispado dende os primeiros tempos do cristianismo, capital algúns anos do reino suevo e logo do visigodo onde acuñaron moeda, arrasada varias veces polos árabes e polos normandos... Foi capital da provincia do seu nome, unha das sete históricas en que se dividía o reino de Galicia.

Arrédase do grupo e percorre as naves, entra na capela das reliquias, pasa ao fermoso claustro e sobe ao miradoiro da torre.

—Impresionante! —dille unha señora á filla adolescente—. O Miño é case unha ría, Valença, a ponte internacional... Pérdese a vista para calquera lado que se mire...

Xa fóra, nunha librería merca unha guía da cidade en que se resume a historia da poboación e se describen os seus monumentos artísticos: a catedral e as igrexas de Rebordáns, San Domingos, Santa Clara, San Telmo e San Francisco; os museos: o da catedral e o diocesano; a gastronomía típica da contor-



na: o meixón, a lamprea e o sabre (ao primeiro dedícanlle unha xornada o domingo de Pascua); e as festas, das que a principal é a de San Telmo, o luns seguinte ao de Pascua.

O resto do día pásao visitando algúns dos monumentos máis senlleiros, ata que, a piques de dar as sete, chega á estación, onde o autobús agarda que o reloxo da catedral dea as badaladas para arrincar cara a Vigo.

V

No asento de par vai unha moza cunha revista na man, da que pasa as follas fixándose non máis que nas fotografías. Mentres Heitor repara na paisaxe, nas fábricas e nos res-

tos da lagoa das Gándaras cubertos de mesta vexetación.

“Levan case desfeitas as montañas!”, pensa ao ver ao lonxe varias canteiras de granito.

Un sinal na beirarrúa da autoestrada avisa os viaxeiros de que o vehículo acaba de entrar no concello do Porriño, e o mellor nestes casos é botar man do audioguía:

“O Porriño forma parte da área industrial de Vigo, e é coñecido internacionalmente polo granito que se extrae das canteiras da contorna.

»Monumentos: a casa do concello, deseñada polo arquitecto Antonio Palacios, con aspecto de pazo medieval.

»Festas: as do Cristo en setembro.”

A moza colle o bolso e a revista e vaise, sen dicir nada.

—Boas tardes. Está libre?

—Si.

O autobús vai case completo e deseguida séntase no sitio que queda libre un señor maior, con traxe e gravata. Polo maletín que leva na man ben pode ser un axente comercial ou o executivo dalgunha empresa.







VI

Tráfico dabondo ata o alto de Puxeiros, límite dos concellos de Mos e Vigo. En adiante todo é baixar. ao tempo que xa se albisca a cidade co pano azul da ría ao fondo, como se tal fose dun enorme escenario. E máis alá, case perdidas entre a brétema da tardiña, as siluetas das illas Cíes.

Heitor quixese que o coche se detivese uns minutos para captar coa súa cámara dixital a paisaxe, pero tense que conformar con facelo a través do vidro da ventá.

—Vostede non é de aquí? —pregúntalle o señor que vai sentado a carón, ao tempo que garda uns papeis no maletín.

—Non, son de Ribadeo.

—Xa me parece, porque se vai fixando moito. Vigo é unha gran cidade, a de máis poboación de Galicia, con industrias, varios estaleiros, a fábrica de automóbiles Citroën..., pero con moito tráfico, por iso eu vou e veño ao Porriño sempre en autobús. Ando máis tranquilo e ata chego antes.

—O tráfico é o problema das cidades e ata das vilas. Témonos que concienciar de que hai que usar o transporte colectivo para aforrar combustible e non contaminar tanto.

—E nunca veu a Vigo?

—Si, xa estiven hai tres días, pero entrei pola estrada de Redondela. Subín ao Castro, andei polas rúas máis céntricas e ata fun ver unha exposición de pintura futurista no Museo de Arte Contemporánea, non me desagradou!

—Se lle gusta a arte, pode visitar o museo dedicado ao pintor Laxeiro e a colección do pazo de Castrelos. Vigo é unha cidade moderna, e o edificio máis importante é a concatedral de estilo neoclásico, e varias casas das últimas décadas do século XIX e primeiras do XX. A min tamén me gusta moito a arte, por iso lle conto todo isto...





O autobús entra na estación e para. Despídense e o mozo bota a andar cara á Porta do Sol, onde quedaron de agardalo uns amigos.

—Pero vés a pé dende a estación de autobuses? Mira que é lonxe...!

—Non sabía que fose tanto, senón collía un bus urbano.

A noite é magnífica, convida a dar unha volta devagar pola cidade, pero Heitor está canso e prefire deitarse cedo para coller pola mañá o primeiro tren de Monforte de Lemos e logo facer autostop ata Ribadeo.

Sentado, coa ría de Vigo á esquerda, matina na ruta do vindeiro ano, se a fará só ou acompañado; gustaríalle que viñese con el..., pero igual non quere! Pode ser ao longo do río Miño, dende o nacemento nas terras de Lugo ata o esteiro na Guarda, ou percorrer as montañas dos Ancares e o Courel, ou...

—A nosa terra é ben bonita...! —di para si.

